




ANEXO II

PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO FAMILIA EXTENSA

PLANIFICACIÓN ANUAL 2022



PRESENTACIÓN

O programa de Apoio ao Acollemento en familia extensa de Aldeas Infantiles SOS de Galicia comeza a súa andadura a nivel autonómico no ano 2014.

Enmárcase dentro da idea que subxace a todos os programas de Aldeas Infantiles, que é o desenvolvemento saudable da infancia e a adolescencia nun entorno familiar protector.

Como Organización cremos que o desenvolvemento ideal dos nenos, nenas e adolescentes garántese por medio de catro principios que guían o noso traballo:





- Un entorno familiar protector.
- O apoio de redes sociais sólidas.
- A toma de decisións e accións baseadas sempre no interese superior do neno.
- A participación do neno na toma de decisións que afectan á súa vida.

Un dos principais grupos meta da nosa Organización son os nenos, nenas e adolescentes privados do coidado parental, e atendendo á diversidade familiar actual, así como á diversidade en entornos familiares en relación ao desenvolvemento da medida de protección á infancia, poñemos en marcha Programas de Protección en acollemento residencial, así como programas de apoio ao acollemento en familia, nas súas distintas modalidades (familia extensa, familia allea e familia allea especializada), nos distintos territorios a nivel nacional.

A dilatada experiencia en protección infantil mediante o acollemento residencial e os programas de fortalecemento familiar na área de prevención, unido á lexislación vixente en materia de protección á infancia que avoga polo acollemento, foron varios dos criterios que converxeron para poder implementar e impulsar estes programas de apoio ao acollemento en familia nestes últimos anos por parte da entidade.

Deste xeito, considérase primordial asegurar o éxito do acollemento nun entorno protector e seguro, mediante o acompañamento, orientación e apoio aos núcleos acolledores xunto ás súas familias de orixe. Sinalar que hanse de incorporar como pezas fundamentais para o axeitado desenvolvemento dos nenos e adolescentes, a familia de orixe e a familia acolledora, dado que a integración de ambos sistemas facilitará un adecuado desenvolvemento do neno e adolescente en acollida.

DATOS DO PROGRAMA

Entidade. Aldeas Infantiles SOS Galicia

Denominación. Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa

Periodo de execución. O período de execución do programa é do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.

Ámbito xeográfico do programa. Comunidade autónoma de Galicia.

DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

O programa de Acollemento Familiar pretende dar resposta ás necesidades das nenas, nenos e adolescentes acollidos, da familia de acollida e das persoas proxenitoras ao longo do proceso de acollemento, en coordinación cos equipos técnicos do menor.

Baséase nun enfoque metodolóxico no que o benestar do neno é o obxectivo final da





intervención. Esta visión comporta que o foco de traballo se centre na dinámica relacional que se establece entre as persoas en relación ao seu sistema familiar, social e cultural, e por tanto que haxa que traballar tanto cos menos, nenas e adolescentes acollidos, como cos seus núcleos acolledores, coa súa familia de orixe e co contexto socio-cultural e educativo no que viven.

O apoio na construción dunha identidade positiva do neno convértese nun dos elementos para incidir no traballo coa infancia protexida. Hai unha relación directa entre identidade e comportamentos resilientes, o que nos leva a traballar sobre “o dar sentido”, a través do autoconocimiento, a construción de si mesmo e a vivencia integradora da súa historia de vida familiar.

Desde Aldeas Infantiles, entendemos o apoio ás familias como unha forma de incidir no desenvolvemento das súas competencias educativas e habilidades parentais, e que estas estean baseadas nun “bo trato á infancia”. Así pois, pretendemos “fortalecer” o sistema familiar en relación ao benestar do neno, nena e adolescente, recoñecendo as súas posibilidades, o seu papel na apertura de oportunidades e preservando e promovendo as súas fortalezas.

O traballo das emocións permítenos acompañar ás familias a partir da súa propia vivencia e maneiras de construír as súas relacións. Así pois, estamos atentos á forma en que os nenos e as familias narran as súas experiencias, promovendo cambios que preserven a súa identidade e cultura familiar, para conseguir que, no acompañamento, os relatos poidan ser coherentes coa situación vivida.

Con respecto ao apoio técnico é necesario que os nenos, as nenas e as familias se sentan acompañados e con accesibilidade ao programa, e que esta relación de axuda lles xere tranquilidade durante o proceso de acollemento. O feito de poder darlles unha atención directa coa frecuencia adecuada ás súas necesidades favorece o vínculo cos menores e as familias e a relación de confianza establécese con máis facilidade.

Todo este traballo realízase desde unha formulación interdisciplinar, en rede e cooperativo, favorecendo así unha vivencia máis integradora da situación de acollida.

POBOACIÓN ATENDIDA

O persoal técnico do Servizo de Familia e Menores das distintas Xefaturas Territoriais é o encargado de seleccionar e derivar a este recurso aos menores e as súas familias, sendo eles os que establecen os criterios de selección.

As persoas beneficiarias do programa responderán a algún dos seguintes perfiles:

- Os nenos, nenas e adolescentes que están baixo unha medida de protección da Comunidade Autónoma, e que, ao non poder permanecer coa súa familia de orixe, conviven temporalmente con unha familia acolledora extensa.
- As familias de orixe nas que se teña declarado unha medida de desamparo respecto aos seus fillos entendendo que esa medida se produce a





causa do imposible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores.

- As familias acolledoras en familia extensa, que teñen consigo aos nenos, nenas e adolescentes en acollemento familiar, mediante a formalización dun contrato de acollemento coa entidade pública competente.

OBXECTIVOS

Propoñémonos obxectivos a dous niveis:

Respecto aos nenos, as nenas e as familias, van dirixidos a facilitar o adecuado desenvolvemento do acollemento.

- Acompañar ao menor acollido na construción dunha identidade positiva asegurando que os vínculos que xenera sexan positivos e poida dar sentido á súa realidade de maneira axustada.
- Acompañar ás familias nas pautas de crianza dende o desenvolvemento das súas competencias e habilidades parentais, promovendo os factores de protección cara os menores.
- Integrar á familia de orixe, facilitando espazos de relación e velando por que se dea una relación respetuosa entre os acolledores e a familia de orixe.
- Fortalecer as redes sociais e da comunidade na que se desenvolve o neno, nena, adolescente e a súa familia, onde poidan encontrar suficientes recursos para desenvolverse nos diferentes ámbitos en canto as súas necesidades e expectativas.

Respecto ao programa de acollemento, fan referencia á súa implementación e desenvolvemento como programa.

- Dar resposta de forma eficiente, ás necesidades das persoas usuarias do programa, mellorando a súa satisfacción e os resultados do servizo prestado.
- Manter un servizo desde a proximidade que minimize as perdas de tempo por desprazamentos para que a prestación do servizo sexa de maior calidade.
- Soster a actual atención aos beneficiarios do recurso, mantendo a frecuencia das intervencións cos menores e familias beneficiarias.

ACTIVIDADES

As accións propias da prestación do servizo aos distintos beneficiarios do programa, pódense agrupar en dous tipos principais de actividades:





Incorporación, seguimento e alta no programa. No marco desta actividade levaráanse a cabo aquelas accións relacionadas cos procedementos vinculados á prestación de servizos do programa. Estas accións son as seguintes:

- Derivación e alta no programa. Derivarase e darase de alta no programa previa valoración e orientación cara a este recurso do neno, nena ou adolescente e a súa familia. O alta iníciase coa presentación da familia e aceptación pola súa banda da inclusión no programa.
 - Estudo, diagnóstico e planificación. Estudo de necesidades para o que se realizan as visitas domiciliarias e entrevistas persoais pertinentes (co neno ou nena e a súa familia de orixe e acolledora), para elaborar o Proxecto de Intervención Familiar.
- Coordinación. Reunións periódicas e sesións de traballo en rede durante todo o proceso de intervención con todos os axentes que interveñen no caso, para programar unha intervención en función das necesidades detectadas de cada proxecto de actuación, desde un enfoque metodolóxico interdisciplinar.
- Seguimento. A través de entrevistas persoais co neno ou nena, coa familia de orixe e acolledora, visitas domiciliarias e chamadas telefónicas. Elaboración de informes semestrais de seguimento do proceso de acollida.
- Despedida. Preparación do proceso de peche do acollemento. A baixa no programa virá ben pola consecución dos obxectivos, ou ben por desexo expreso dalgunha das partes intervinientes.

Implementación do Plan de Intervención Familiar. Este bloque de actividades contempla distintas accións, axustadas ás necesidades dos destinatarios. Así, segundo estas necesidades, e intereses, contéplanse as seguintes accións:

- Acompañamento. Acompañamento a menores e/ou familias segundo as necesidades concretas que poidan xurdir nas distintas áreas, social, sanitaria, educativa...
- Actividades de respiro. Ofrece aos nenos, nenas e adolescentes incluídos no programa un tempo de lecer alternativo durante as vacacións de verán nun espazo estimulante e enriquecedor fóra da súa contorna familiar. Facilitan, ademais, ás familias acolledoras un período de descanso que lles axude a conciliar a atención aos menores con outros aspectos da súa vida.
- Organización de encontros e supervisión de visitas. Deseño de espazos "puntos de encontro" entre a familia de orixe e a familia extensa acolledora. Enténdese o punto de encontro, non como un espazo concreto, senón o feito en sí de atoparse ambas familias. Acompañamento nas visitas familiares entre o menor e a súa familia





de orixe.

- Mediación. Accións de mediación entre o menor, acolledores e proxenitores posibilitando distintas alternativas de intervención que axuden a estabilizar a dinámica familiar e a resolución de conflitos.
- Accións educativas a través da intervención dirixidas a:
 - Fomentar as habilidades parentais para o coidado dos menores por parte das familias.
 - Mellorar a calidade das relacións das familias coa súa contorna e reforzar o sistema de apoio ou rede social.
 - Potenciar a autonomía e favorecer mecanismos de autoxestión.
 - Proporcionar información técnica da medida de protección e accións de axuda dirixidas a que as familias interioricen a situación de acollemento.

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	DATA INICIO	DATA FIN
Incorporación, seguimento e alta no programa	01/01/2022	31/12/2022
Implementación do Plan de Intervención Familiar	01/01/2022	31/12/2022
Avaliación de resultados	01/12/2022	15/12/2022

RECURSOS MATERIAIS E PERSOAIS DO PROGRAMA

Formado por un equipo interdisciplinar de profesionais das áreas psicosocioeducativas, que proporcionará atención especializada ás necesidades dos acollidos, as familias acolledoras e aos proxenitores por medio de actuacións de asesoramento e orientación, intervención psicosocioeducativa e actuacións en mediación nas relacións familiares.

Atenderanse 130 casos en toda a comunidade autónoma, para o que se implementan catro equipos.

- Equipo A Coruña
- Equipo Santiago
- Equipo Vigo
- Equipo Ourense

As instalacións das que dispón Aldeas Infantiles para realizar este programa están emprazadas na Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Ourense.





- Na Coruña dispónse de 1 local en réxime de aluguer, distribuído en 1 sala de reunións/formación, sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 3 postos, 2 aseos.
- En Vigo as instalacións atópanse emprazadas nun edificio propio de Aldeas Infantiles, contando para este programa con 1 despacho, con 3 postos, 2 salas de entrevistas e 1 sala para formación, 2 aseos.
- En Santiago de Compostela dispónse de 1 local en réxime de aluguer distribuído en 1 sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 2 postos, 1 aseo.
- En Ourense dispónse de 1 local en réxime de aluguer distribuído en 1 sala de entrevistas e zona de despacho/oficina con 2 postos, 1 aseo.

O persoal de atención directa do programa divídese nos equipos anteriormente mencionados.

- Equipos A Coruña e Vigo. Cada equipo componse de tres profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).
- Equipo Santiago e Ourense. Componse de dous profesionais das áreas psicosocioeducativas (psicólogo/a, traballador/a social, pedagogo/a e/ou educador/a social).

O programa conta ademais, cunha persoa que coordina o programa a nivel autonómico.

AVALIACIÓN E INDICADORES

Entendemos a avaliación como un proceso continuo dentro do desenvolvemento do proceso do acollemento familiar. Ao longo dos diferentes procedementos, así como en todo o enfoque do programa de Acollemento Familiar está a mellora continua como forma de avanzar no programa. Entendemos a avaliación a diferentes niveis.

Avaliación de Procesos: Baseada na forma en que realizamos as accións e os diferentes procedementos, avaliando o cumprimento dos mesmos e detectando áreas de mellora.

Avaliación de Satisfacción: Consideramos importante contar coa avaliación dos nosos principais grupos de interese, o menor, a familia biolóxica, a familia acolledora, así como a propia administración, nos seus diferentes niveis. Igualmente, avaliamos a opinión de todos aqueles equipos de traballo cos que realizamos un traballo en rede.

Avaliación de impacto e resultados: Neste apartado, avaliamos a eficacia do programa así como os resultados nos menores e a familia a partir de indicadores de obxectivo.





Os resultados de todo o proceso de avaliación, incorpóranse a unha memoria de traballo anual.

Obxectivo	Indicador	Resultado esperado
Acompañar ao menor acollido na construción dunha identidade positiva asegurando que os vínculos que xenera sexan positivos e poida dar sentido á súa realidade de maneira axustada.	Porcentaxe de nenos que saben por qué están no programa. (Aplicable aos que por idade se pode abordar).	100% dos nenos que teñen capacidade de comprensión saiban por qué están no programa.
	Porcentaxe de nenos que coñecen a situación dos seus proxenitores. (Aplicable aos que a realidade da súa historia familiar, por idade se pode abordar).	100% dos nenos que teñen capacidade de comprensión saiban a realidade da súa historia familiar.
	Porcentaxe de familias que están comprometidas a traballar a historia de vida do menor de maneira positiva.	70% das familias traballan a historia de vida do menor de forma positiva.
Acompañar as familias nas pautas de crianza desde o desenvolvemento das súas competencias e habilidades parentais, promovendo os factores de protección de cara os menores.	Porcentaxe de familias acolledoras que son coñecedoras do significado do acollemento e do seu proceso (obrigacións e dereitos).	90% das familias sexan coñecedoras da medida.
	Porcentaxe de proxenitores que son coñecedores do significado do acollemento e do seu proceso (obrigacións e dereitos).	90% das familias sexan coñecedoras da medida.
	Porcentaxe de familias que consideran que melloraron o seu benestar familiar.	90% das familias perciban melloría.
	Porcentaxe de familias que se mostraron colaboradoras, seguen as orientacións e ven a necesidade de cambio.	70% das familias se mostren colaboradoras.
Integrar a familia de orixe, facilitando espazos de relación e velando por que se dé una relación respetuosa entre os acolledores e la familia de orixe.	Porcentaxe de menores que manteñen contacto cos seus proxenitores.	70% de los menores.
	Porcentaxe de variacións no réxime de visitas, tendo en conta o benestar do menor.	No 70% dos menores que teñen posibilidade de contacto coa súa familia de orixe, varíe o seu réxime de visitas tendo en conta o seu benestar.
	Porcentaxe de retornos conseguidos naqueles casos nos que se valore reintegración.	70% dos menores retornen coa súa familia de orixe, naqueles casos que este suposto se valore.





Obxectivo	Indicador	Resultado esperado
	Porcentaxe de menores que manifesta conflito de lealdades respecto aos seus proxenitores e acolledores.	90% dos menores non manifesten conflito de lealdades.
	Número de intervencións dos profesionais en momentos de crise.	50% das familias rebaixen o número de conflitos.
Fortalecer as redes sociais e da comunidade na que se desenvolve o neno e a súa familia.	Número de contactos de coordinación con outros profesionais (contactos telefónicos, entrevistas...)	Polo menos un contacto trimestral.
	Número de acompañamentos e/ou derivacións a recursos da comunidade.	Polo menos un acompañamento trimestral.
Dar resposta de forma eficiente, ás necesidades dos usuarios do programa, mellorando a súa satisfacción e os resultados do servizo prestado.	Porcentaxe de usuarios que considera que as súas necesidades e intereses están mellor atendidos polo programa.	95% dos usuarios consideran que as súas necesidades e intereses están mellor atendidos polo programa.
	Grado de satisfacción coa capacidade do programa e a axilidade na resposta recibida.	Os avaliadores mostran un maior grado de satisfacción coa capacidade do programa e a axilidade na resposta recibida.
Manter un servizo desde a proximidade que minimize as perdas de tempo por desprazamentos para que a prestación do servizo sexa de maior calidade.	Nº de instalacións dedicadas á prestación do servizo na comunidade autónoma.	4 instalacións destinadas á prestación do servizo.
	Porcentaxe de beneficiarios cuxo profesional e centro de referencia áchase localizado a una hora ou máis de desprazamento.	Polo menos o 75% dos beneficiarios teñen o centro de referencia localizado a unha hora ou menos de desprazamento.
Soster a actual atención aos beneficiarios do recurso, mantendo a frecuencia das intervencións cos menores e familias beneficiarias.	Frecuencia das intervencións por familia e menor (contactos telefónicos, visitas domiciliarias, entrevistas...)	100% das familias/menores manteñan a actual frecuencia de intervención.
	Grado de satisfacción das familias coa axilidade na resposta recibida.	95% dos beneficiarios móstranse satisfeitos coa atención recibida.

